# DOSSIER DE PRENSA
# Campaña X Solidaria 2019

EAPN GALICIA

CERMI GALICIA

SOLIDARIA
www.xsolidaria.org

# Xa somos 11 millóns marcando a X Solidaria na declaración da renda,

## e ti?

Practica a RENDATERAPIA

Dossier de prensa 2019



SOLIDARIA

www.xsolidaria.org

106 Actividades de InteresSocial

# QUE É A ASIGNACIÓN TRIBUTARIA DO IRPF?

A asignación fiscal do IRPF permite ás personas contribuíntes elexir o destino dunha pequena parte dos impostos que xa lles foron retidos durante o ano. En concreto, lles permite destinar un 0,7 % da súa cota íntegra* do IRPF a "Actividades de Interese Social".





**Ó MARCAR "ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL" A PERSOA CONTRIBUÍNTE AXUDA A PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.**

O OBXECTIVO DESTAS SUBVENCIÓNS É **FINANCIAR PROGRAMAS OU PROXECTOS DAS ONG.**

*cota íntegra: antes de retencioóns a conta e/ou deducións.

# QUE OPCIÓNS TEÑEN AS PERSOAS CONTRIBUÍNTES?

Cada ano, a Administración permite ós cidadáns e as cidadás elixir o destino dunha parte dos seus impostos. Así, ó realizar a declaración da renda, existe a opción persoal de elixir entre:

105 Igrexa Católica + 106 Actividades de Interese Social (marcada)

### Marcar a X Solidaria

Sinalar a casiña de **"Actividades de Interese Social"** significa destinar **o 0,7 % do IRPF** á realización de **programas** desenvoltos por entidades e Organizacións Non Gubernamentais (ONG) do ámbito da Acción Social, a Cooperación ó Desenvolvemento e a Protección do Medio Ambiente.

105 Igrexa Católica (marcada) + 106 Actividades de Interese Social

### Marcar a Igrexa

Facelo é optar polo sostemento económico da Igrexa Católica.

105 Igrexa Católica (marcada) + 106 Actividades de Interese Social (marcada)

### Marcar as dúas

Elixir ambas opcións sinalando as dúas casiñas. Desta forma ambas aportacións súmanse sen que ao contribuínte lle custe nada (0,7 % + 0,7 %).

105 Igrexa Católica + 106 Actividades de Interese Social

### Non marcar ningunha

Supón destinar a túa aportación a fins xerais do Estado.

CANDO SE MARCA CALQUIERA DAS TRES PRIMEIRAS OPCIÓNS, A ADMINISTRACIÓN DEBERÁ **RESPECTAR A VONTADE DAS PERSOAS CONTRIBUÍNTES.**

# DISTRIBUCIÓN DOS 314.553.353 € ASIGNADOS A "ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL" NO CONXUNTO DO ESTADO EN 2018

**ONG DE ACCIÓN SOCIAL: 244.470.866 €**

**77,72 % do recaudado** (Mº de Sanidad, Servicios Socials e Igualdade).

**ONG DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO: 61.117.716 €**

**19,43 % do recaudado** (Mº Asuntos Exteriores e de Cooperación).

**MEDIO AMBIENTE: 8.964.771 €**

**2,85 % do recaudado** (Mº de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente).

## QUE PROGRAMAS RECIBEN FINANCIACIÓN SOLIDARIA?

Os programas financiados mediante o cuadrante **"Actividades de Interese Social"** foron dirixidos, principalmente, á infancia, ás familias, á mocidade, ás persoas maiores, ás personas con discapacidade ou ás persoas en situación de vulnerabilidade.

# QUENES SE BENEFICIAN DESTA AXUDA?

Nos difíciles momentos que atravesa a nosa sociedade hai millóns de persoas que sen a axuda das ONG non poderían saír adiante. **Persoas maiores, con discapacidade, persoas enfermas de cancro, mulleres e xente moza ...** son quenes se benefician desta solidariedade cidadá que queda manifesta cando se **marca a casiña "Actividades de Interese Social".**

# OS PROXECTOS DESENVOLTOS NESTE MARCO ATENDEN REALIDADES CONCRETAS:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Teleasistencia | Apoio ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias | Educación para a saúde | Centros de atención integral para as mulleres diagnosticadas de cancro de mama |
| Residencias | Atención a persoas xordas na súa contorna sociofamiliar | Atención a mulleres en dificultade social | Centros de atención psicosocial a nenos e nenas diagnosticadas de cancro |
| Centros de día | Atención a personas sen fogar | Erradicación da violencia de xénero | Atención á poboación rural desfavorecida e programas de voluntariado |
| Axuda a domicilio para persoas con discapacidade física | Transporte en vehículos adaptados | Integración laboral da muller, a mocidade ou as familias en dificultade social | Entre outros moitos... |

# EN 2018 AS PERSOAS CONTRIBUÍNTES NO CONXUNTO DO ESTADO MARCARON:




UN 55 % DE PERSOAS MARCOU A CASIÑA DE "ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL" EN 2018.

**UN AUMENTO DO 2'37 % RESPECTO Ó ANO 2017.**

*% persoas contribuíntes.

## En 2018, en Galicia recaudáronse 16.507.213€ (959.609€ máis que no ano anterior) a través da “X Solidaria”. As persoas contribuíntes marcaron:




*% persoas contribuÍntes.

UN 54,57% DE GALEGOS E GALEGAS MARCARON A CASIÑA DE “ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL” EN 2018

Como media cada contribuínte aportou 23,53 €.

584.138 persoas aínda non marcaron a casiña. Se o fixeran, tería permitido chegar aos 27.448.559,3 € de recaudación (12.471.346,3 € máis que o ano anterior)

## Asignación das persoas contribuíntes en 2018 (exercicio 2017)

## Por delegación de Axencia Tributaria:

| Delegacións | Persoas que marcan (%) | Asignación tributaria (€) |
|---|---|---|
| A Coruña | 53,84 | 7.736.281 |
| Lugo | 55,27 | 1.695.050 |
| Ourense | 55,28 | 1.520.612 |
| Pontevedra | 52,57 | 2.604.751 |
| Vigo | 58,43 | 2.950.519 |
| **TOTAL** | **54,55** | **16.507.213** |

# Proxectos financiados grazas á X Solidaria do IRPF no 2018

CERMI GALICIA




SOLIDARIA
www.xsolidaria.org

# NA TÚA DECLARACIÓN DA RENDA
# MARCA A X SOLIDARIA, PRACTICA A RENDATERAPIA.

Actividades de Interese Social

Igrexa Católica

106 X + X

SOLIDARIA

www.xsolidaria.org

**Ti decides que o 0,7 % dos impostos se destine íntegramente a programas desenvoltos polas ONG.**

**Non pagas máis impostos, nin te devolven menos.**

**Se xa marcas a casiña da Igrexa, marcando tamén a de "Actividades de Interese Social", poderás axudar o dobre.**

#rentaterapia

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL

POR SOLIDARIDAD OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

Plataforma de ONG de Acción Social

plataforma tercer sector

PLATAFORMA DEL VOLUNTARIADO DE ESPAÑA

EAPN

CERMI COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD

plataforma de infancia españa

COORDINADORA